



5. Garantía provisional: non se exige.

6. Obtención de documentación e información: a) Entidade: véxase punto 1. b) Enderezo: pza. de M^a Pita, 1-2º. c) Localidade: 15001 A Coruña. d) Teléfono: 981 18 42 19. e) Fax: 981 18 42 71. f) Correo electrónico: suministros@aytolacoruna.es e licitadores@aytolacoruna.es g) Data límite de obtención de documentos e información: ata o día de finalización do prazo de presentación de ofertas.

7. Requisitos específicos do contratista: véxase prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Presentación de proposicións: a) Prazo: quince días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, rematando ás 13.00 horas. No caso de resultar sábado o día de finalización do prazo, quedará este automaticamente prorrogado ao día hábil seguinte. b) Documentación que hai que presentar: véxase prego de cláusulas administrativas particulares. c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral de Entrada. d) Admisión de variantes: si.

9. Apertura das proposicións económicas e documentación técnica: a) Lugar: véxase punto 6. b) Data: o quinto día hábil seguinte ao do transcurso do prazo de licitación. c) Hora: 12.00 horas.

10. Outras informacións: véxase prego de cláusulas administrativas particulares.

11. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

A Coruña, 4 de abril de 2006.

Carlos González-Garcés Santiso
Tenente de alcalde

Anuncio de concurso (referencia L-3/2006).

1. Entidade adxudicadora: Concello da Coruña. a) Dependencia que tramita o expediente: Unidade de Subministracións. b) Número de expediente: L-3/2006.

2. Obxecto do contrato: limpeza das instalacións do Servizo de Urbanismo e Rehabilitación. Duración do contrato: o contrato terá unha duración de dous anos, prorrogables por dous anos máis.

3. Tramitación: ordinaria. Procedemento: aberto. Forma de adxudicación: concurso.

4. Orzamento base de licitación: 68.400 € anuais, IVE incluído.

5. Garantía provisional: non se exige.

6. Obtención de documentación e información: a) Entidade: véxase punto 1. b) Enderezo: pza. de M^a Pita, 1-2º. c) Localidade: 15001 A Coruña. d) Teléfono: 981 18 42 19. e) Fax: 981 18 42 71. f) Correo electrónico: suministros@aytolacoruna.es e licitaciones@aytolacoruna.es g) Data límite de obtención de documentos e información: ata o día de finalización do prazo de presentación de ofertas.

7. Requisitos específicos do contratista: véxase prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Presentación de proposicións: a) Prazo: quince días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, rematando ás 13.00 horas. No caso de resultar sábado o día de finalización do prazo, quedará este automaticamente prorrogado ao día hábil seguinte. b) Documentación que hai que presentar: véxase prego de cláusulas administrativas particulares. c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral de Entrada. d) Admisión de variantes: si.

9. Apertura das proposicións económicas e documentación técnica: a) Lugar: véxase punto 6. b) Data: o quinto día hábil seguinte ao do transcurso do prazo de licitación. c) Hora: 12.00 horas.

10. Outras informacións: véxase prego de cláusulas administrativas particulares.

11. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

A Coruña, 4 de abril de 2006.

Carlos González-Garcés Santiso
Tenente de alcalde

Anuncio (EDD 9/2005).

O Pleno do concello, na sesión realizada o día 3 de abril de 2006, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.-Aprobar o informe municipal de alegacións do 14 de febreiro de 2006 e, na súa virtude, desestimar a alegación formulada ao estudo de detalle por María Belén Carracedo González, actuando en nome e representación da comunidade de propietarios do edificio Emilio González López 54 C.

Segundo.-Aprobar definitivamente o estudo de detalle do bloque lineal da ordenanza de transformación nº 7-D4.01, estrada dos Fortes, promovido por *Construccións Fontenla, S.A.*, segundo a documentación presentada no rexistro municipal o día 20 de decembro de 2005, de acordo coa seguinte condición:

Considérase a cota de 90,30 m como continua e única en toda a parcela privada, ao ser a única sinalada. Ao non estar resolto o encontro entre os espazos libres privados e os públicos neste estudo de detalle, con diferenzas de cota inadmisibles, tal e como está sinalado neste documento e nos anteriormente aprobados, deberá resolverse este encontro debidamente e de acordo coa normativa do plan xeral e demais normativas de aplicación (accesibilidade entre outras), no proxecto de edificación co que se solicite licenza: o forxado continuo que se construírá á cota de 90,30 m non deberá superar a distancia de 1,50 m por riba das rasantes do terreo (caso do espazo libre público) ou da beirarrúa (resto dos casos), en calquera punto do límite da parcela.

Terceiro.-Ordenar o cumprimento dos trámites administrativos recollidos nos artigos 92.2º e 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para procurar a entrada en vigor do estudo de detalle.

Cuarto.-Notificar o presente acordo ás áreas municipais de licenzas e disciplina urbanística e xestión do solo, ao promotor do estudo de detalle, a María Belén Carracedo González e a José Luis Galán Fernández.

Quinto.-Ordenar a dilixencia dos dous exemplares presentados por *Construccións Fontenla, S.A.* o 20 de decembro de 2005, así como dos tres presentados o 1 de marzo de 2006.

A documentación exixida polo artigo 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, tivo entrada na Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, para os efectos da entrada en vigor do estudo de detalle, o día 6 de abril de 2006.

Este acordo pon fin á vía administrativa, podéndose interpor contra el recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel en que practique a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* ou no BOP ou, se é o caso, da súa oportuna notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se coide pertinente.

A Coruña, 6 de abril de 2006.

Alfredo Cerezales Fernández
Director da Área de Urbanismo e Rehabilitación

CONCELLO DE RODEIRO

Anuncio.

No BOP de Pontevedra nº 69, do 7 de abril de 2006, publícanse integramente as bases da convocatoria para a provisión, polo procedemento de concurso-oposición, dunha praza de operario de servizos diversos, vacante no cadro de persoal laboral fixo do Concello de Rodeiro, polo sistema de acceso libre.

O prazo de presentación de instancias é de vinte días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios relacionados con esta convocatoria soamente se publicarán no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello de Rodeiro.

Rodeiro, 11 de abril de 2006.

Eliseo Diéguez García
Alcalde

CONCELLO DE VILALBA

Anuncio de contrato de obras.

1. Entidade adxudicadora: Concello de Vilalba.
2. Obxecto do contrato: obras do proxecto de acondicionamento da praia fluvial da Magdalena, 1ª fase, piscina aprendizaxe e tobogáns acuáticos en Vilalba.
3. Orzamento: incluído o IVE 387.465,56 euros.
4. Prazo de execución das obras: 4 meses.
5. Garantía provisoria: 2% do orzamento de licitación.
6. Garantía definitiva: 4% orzamento de adxudicación.
7. Información: Secretaría do Concello de Vilalba.
8. Documentación necesaria: a especificada no prego de cláusulas económico-administrativas.
9. Clasificación: a especificada no prego.
10. Presentación de ofertas: 13 días (13 días naturais) desde a última publicación do anuncio no BOP ou no DOC.
11. Lugar de presentación: no rexistro xeral do concello ou por correo.
12. Gastos dos anuncios: a cargo do adxudicatario.
13. Texto íntegro do presente anuncio: publícase no BOP.

Vilalba, 13 de abril de 2006.

Xerardo Criado Guizán
Alcalde

CONCELLO DE VIMIANZO

Anuncio de licitación para construción de pista polideportiva descuberta e unha edificación de planta baixa anexa adicada a vestiarios.

I. O Concello de Vimianzo licita, por concurso público, aberto e urxente a contratación da obra nomeada construción de pista polideportiva descuberta e una edificación de planta baixa anexa adicada a vestiarios.

II. Tipo de licitación: 60.314,02 euros, IVE incluído.

III. O prazo para presentar as ofertas e a documentación establecida no prego será de 13 días naturais contados desde a publicación do anuncio de licitación en modelo normalizado no BOP.

IV. Máis información: servizos municipais.

Teléfono: 981 71 60 01. Fax: 981 71 66 50.

O que se publica para xeral coñecemento.

Vimianzo, 18 de abril de 2006.

Alejandro Rodríguez Lema
Alcalde